

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A, PERSOAL LABORAL FIXO, POLO PROCEDIMENTO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Sendo as 9:05 horas do día 29 de marzo do 2023, reúnense as persoas que de seguido se relacionan para a constitución do tribunal de selección dunha (1) praza de auxiliar administrativo/a, persoal laboral fixo.

- Presidencia
 - Titular: Carmen Vidal González (administrativa do Concello de Teo)
- Vogal
 - Titular: María Jesús Carreira Salvadores (administrativa do Concello de Teo)
 - Titular: Consuelo Cajide Labandeira (psicóloga do CIM do Concello de Teo)
 - Titular: Silvia Casas Portela (alfabetizadora dixital do Concello de Teo)
- Secretaría
 - Titular: Luis Enrique Papiri Villanueva (administrativo do Concello de Teo)

De acordo ca base oitava, das que rexen a convocatoria (BOP da provincia de A Coruña nº 230 de data 05 de decembro de 2022):

O tribunal procederá á baremación da fase de concurso, que fará pública mediante anuncio no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal, coa indicación da puntuación por cada aspirante.

Contra a baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación perante o propio tribunal no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da devandita baremación.

Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, no seu caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal procederá á publicación no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello a baremación definitiva da fase de concurso.

Dáse conta do contido da base novena, das que rexen a convocatoria, referida ao procedemento de selección e cualificación. Segundo a citada base o procedemento de selección será o de concurso de valoración de méritos.

O tribunal cualificara os méritos da forma que se indica a continuación:

1. *Experiencia profesional. Valorarase con arranxo aos criterios establecidos a continuación, e ata o*

máximo de **70 puntos**:

- Por servizos prestados na administración local realizando funcións/tarefas relacionadas co desempeño da praza que se convoca (xa sexa coa condición de persoal funcionario ou laboral): 0,49 puntos por cada mes completo de servizos.
- Por servizos prestados nunha administración distinta a local realizando funcións/tarefas relacionadas co desempeño da praza que se convoca (xa sexa coa condición de persoal funcionario ou laboral): 0,16 puntos por cada mes completo de servizos.
- Por servizos prestados nos organismos públicos e demais entidades de dereito público con personalidade xurídica propia, vinculada ou dependente de calquera das Administracións Públicas e Universidades Públicas, realizando funcións/tarefas relacionadas co desempeño da praza que se convoca (xa sexa coa condición de persoal funcionario ou laboral): 0,06 puntos por cada mes completo de servizos.

Non se terán en conta os períodos inferiores ao mes.

2. Formación específica/complementaria, ata o máximo de **30 puntos**:

Cursos de formación: valoraranse os cursos conforme a seguinte escala, tendo en conta o grupo de clasificación da praza a que se opte:

- a) Grupo A1 ou categoría laboral equivalente: 0,10 puntos por hora
- b) Grupo A2 ou categoría laboral equivalente: 0,125 puntos por hora
- c) Grupo B ou categoría laboral equivalente: 0,20 puntos por hora
- d) Grupo C1 ou categoría laboral equivalente: 0,30 puntos por hora
- e) **Grupo C2 ou categoría laboral equivalente: 0,50 puntos por hora**
- f) Grupo AP ou categoría laboral equivalente: 1,00 puntos por hora

O Tribunal poderá requirir as persoas aspirantes en calquera momento do proceso selectivo, que acrediten a veracidade das circunstancias e documentos achegados e que fosen obxecto de valoración. No caso de que o órgano de selección comprobe que algunha das persoas aspirantes realizou calquera tipo de actuación fraudulenta ou incorrido en falsidade manifesta na súa solicitude, que xere competencia desleal de acordo con os principios de igualdade, mérito e capacidade, previa audiencia a persoa interesada, debera emitir proposta motivada de exclusión do proceso selectivo, dirixida ao órgano que aprobese a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas, comunicando as falsidades ou actuacións fraudulentas formuladas pola persoa aspirante. Contra a Resolución do devandito órgano poderán interpoñerse os recursos administrativos que procedan. A cualificación final será a suma dos puntos obtidos na fase de concurso.

No suposto de empate nas puntuacións de dúas ou mais aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

- en primeiro lugar atenderase a puntuación obtida no apartado de experiencia profesional
- de seguir aquel, a persoa que ocupase mais tempo a praza obxecto do presente proceso selectivo nos últimos 12 anos

- no último lugar, atenderase a primeira letra do primeiro apelido seguindo a orde alfabética aprobada pola Xunta de Galicia que marca a orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración Autonómica de Galicia que se deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano no que se celebre o proceso selectivo, segundo o sorteo celebrado ao abeiro do previsto no Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Nos apelidos compostos coa preposición de, da, do, de la, d'..., a mesma non será tida en conta (por exemplo: Marta de Castro. A letra a ter en conta será o "C"). De persistir o empate, atenderase a segunda letra do primeiro apelido, seguindo a orde alfabética anterior, e así ata desfacer o empate; continuando polo segundo apelido e finalmente polo nome.

De acordo co exposto e segundo o previsto nas bases novena e décima das que rexen a convocatoria, e vistos o méritos presentados polos aspirantes, o tribunal **acorda:**

Primeiro: Valorar os méritos na fase de concurso das persoas aspirantes outorgando as seguintes puntuacións:

| DATOS | | | PUNTUACIÓN | | |
|--------------------|------------------|-----------|-----------------------------|----------------------|--------|
| Apelidos | Nome | DNI / NIE | Experiencia profesional (1) | Formación específica | Total |
| BLÁZQUEZ LÓPEZ | SARA | ***3182** | 70 | 30 | 100,00 |
| FOJO LÓPEZ | GLORIA MARIA | ***0680** | 22,10 | 30 | 52,10 |
| GOMEZ ROO | LORENA | ***3332** | 31,36 | 30 | 61,36 |
| IGLESIAS MARQUES | BÁRBARA | ***6021** | 0 | 30 | 30,00 |
| LACARRA CANTULLERA | YOLANDA | ***5710** | 10,29 | 30 | 40,29 |
| LEMA AMADO | NOELIA MARIA | ***5112** | 6,86 | 30 | 36,86 |
| MERA CARREIRA | MARIA ELENA | ***6970** | 50,12 | 30 | 80,12 |
| PARDO HERMIDA | MARIA DEL CARMEN | ***0771** | 20,58 | 30 | 50,58 |
| PENERBOSA FERREIRO | ALBA | ***6250** | 0 | 30 | 30,00 |
| PEQUEÑO RIOBÓ | ANA MARÍA | ***1048** | 70 | 30 | 100,00 |
| PORTELA BARREIRO | MARGARITA | ***9679** | 70 | 30 | 100,00 |
| RODRÍGUEZ VÁZQUEZ | MIGUEL | ***2211** | 0 | 0 | 0,00 |
| SOUTO FIDALGO | MARÍA BELÉN | ***0160** | 23,80 | 30 | 62,80 |
| VALIÑA RIAL | LIDIA | ***6732** | 16,17 | 30 | 46,17 |

| | | | | | |
|----------------|--------------|-----------|-------|----|---------------|
| VÁZQUEZ PAIS | ANA MARÍA | ***6850** | 18,62 | 30 | 48,62 |
| VIQUEIRA POMBO | MARIA TERESA | ***8032** | 70 | 30 | 100,00 |

(1) En cumprimento do apartado un da base novena, para a valoración da experiencia laboral, soamente se tiveron en conta os meses completos traballados por cada contrato formalizado.

Segundo: Á vista das puntuacións obtidas no proceso selectivo e atendendo ao estipulado no apartado 2 da base novena na que se indican os criterios a seguir no suposto de empate, procédese á ordenación das persoas aspirantes por orde descendente de puntuación segundo se reflicte na seguinte táboa:

| DATOS | | | | PUNTUACIÓN | | |
|-------|--------------------|------------------|-----------|-------------------------|----------------------|---------------|
| Nº | APELIDOS | NOME | DNI / NIE | Experiencia profesional | Formación específica | Total |
| 1 | PORTELA BARREIRO | MARGARITA | ***9679** | 70 | 30 | 100,00 |
| 2 | VIQUEIRA POMBO | MARIA TERESA | ***8032** | 70 | 30 | 100,00 |
| 3 | BLÁZQUEZ LÓPEZ | SARA | ***3182** | 70 | 30 | 100,00 |
| 4 | PEQUEÑO RIOBÓ | ANA MARÍA | ***1048** | 70 | 30 | 100,00 |
| 5 | MERA CARREIRA | MARIA ELENA | ***6970** | 50,12 | 30 | 80,12 |
| 6 | SOUTO FIDALGO | MARÍA BELÉN | ***0160** | 23,80 | 30 | 62,80 |
| 7 | GOMEZ ROO | LORENA | ***3332** | 31,36 | 30 | 61,36 |
| 8 | FOJO LÓPEZ | GLORIA MARIA | ***0680** | 22,10 | 30 | 52,10 |
| 9 | PARDO HERMIDA | MARIA DEL CARMEN | ***0771** | 20,58 | 30 | 50,58 |
| 10 | VÁZQUEZ PAIS | ANA MARÍA | ***6850** | 18,62 | 30 | 48,62 |
| 11 | VALIÑA RIAL | LIDIA | ***6732** | 16,17 | 30 | 46,17 |
| 12 | LACARRA CANTULLERA | YOLANDA | ***5710** | 10,29 | 30 | 40,29 |
| 13 | LEMA AMADO | NOELIA MARIA | ***5112** | 6,86 | 30 | 36,86 |
| 14 | IGLESIAS MARQUES | BÁRBARA | ***6021** | 0 | 30 | 30,00 |

| | | | | | | |
|----|-----------------------|--------|-----------|---|----|-------|
| 15 | PENERBOSA FERREIRO | ALBA | ***6250** | 0 | 30 | 30,00 |
| 16 | RODRÍGUEZ VÁZQUEZ | MIGUEL | ***2211** | 0 | 0 | 0,00 |

Terceiro: Dar por rematado o proceso selectivo mediante a publicación da puntuación final total das persoas aspirantes do proceso selectivo, por orde de puntuación, na páxina web municipal (www.teo.gal) e no taboleiro de anuncios do Concello. Contra a baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación perante o propio tribunal no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da devandita baremación segundo se establece na base oitava.

Cuarto: De acordo co previsto na base décima, elevar á Alcaldía a referida relación de aspirantes para proceder ao nomeamento como auxiliar administrativa, persoal laboral fixo, a **D.^a Margarita Portela Barreiro**, con **DNI ***9679**** por ser a persoa aspirante que acadou a maior puntuación no proceso selectivo.

Quinto: Propoñer á Alcaldía a creación dunha bolsa de traballo para a praza convocada coas persoas aspirantes finalmente non seleccionadas, ordenadas por orde descendente de puntuación:

| DATOS | | | | PUNTUACIÓN | | |
|-------|----------------|--------------|-----------|-------------------------|----------------------|--------|
| Nº | APELIDOS | NOME | DNI / NIE | Experiencia profesional | Formación específica | Total |
| 1 | VIQUEIRA POMBO | MARIA TERESA | ***8032** | 70 | 30 | 100,00 |
| 2 | BLÁZQUEZ LÓPEZ | SARA | ***3182** | 70 | 30 | 100,00 |
| 3 | PEQUEÑO RIOBÓ | ANA MARÍA | ***1048** | 70 | 30 | 100,00 |
| 4 | MERA CARREIRA | MARIA ELENA | ***6970** | 50,12 | 30 | 80,12 |
| 5 | SOUTO FIDALGO | MARÍA BELÉN | ***0160** | 23,80 | 30 | 62,80 |
| 6 | GOMEZ ROO | LORENA | ***3332** | 31,36 | 30 | 61,36 |
| 7 | FOJO LÓPEZ | GLORIA MARIA | ***0680** | 22,10 | 30 | 52,10 |

| | | | | | | |
|----|--------------------|------------------|-----------|-------|----|--------------|
| 8 | PARDO HERMIDA | MARIA DEL CARMEN | ***0771** | 20,58 | 30 | 50,58 |
| 9 | VÁZQUEZ PAIS | ANA MARÍA | ***6850** | 18,62 | 30 | 48,62 |
| 10 | VALIÑA RIAL | LIDIA | ***6732** | 16,17 | 30 | 46,17 |
| 11 | LACARRA CANTULLERA | YOLANDA | ***5710** | 10,29 | 30 | 40,29 |
| 12 | LEMA AMADO | NOELIA MARIA | ***5112** | 6,86 | 30 | 36,86 |
| 13 | IGLESIAS MARQUES | BÁRBARA | ***6021** | 0 | 30 | 30,00 |
| 14 | PENERBOSA FERREIRO | ALBA | ***6250** | 0 | 30 | 30,00 |
| 15 | RODRÍGUEZ VÁZQUEZ | MIGUEL | ***2211** | 0 | 0 | 0,00 |

Sendo as 12:40 horas do día indicado, dáse por rematado o acto, estendéndose a presente acta, que asinan todos os membros do tribunal, do que dou fe.

| | |
|--------------------------------|---------------------------------|
| Presidenta | Vogal |
| Carmen Vidal González | María Jesús Carreira Salvadores |
| Vogal | Vogal |
| Consuelo Cajide Labandeira | Silvia Casas Portela |
| Secretario | |
| Luis Enrique Papiri Villanueva | |